



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:  
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net).  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA  
DE GALICIA

### **CIRCULAR 54/2011**

- A todas as Delegacións (\*)
- Aos clubs e adestradores

(\*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

## **NORMATIVA II MEDIO MARATON PETÍN**

### **CPTO GALEGO VETERANOS DE MEDIO MARATÓN**

1) Organizado pola CONCELLARÍA DE DEPORTES DO EXCMO. CONCELLO DE PETIN en colaboración coa DELEGACIÓN VALDEORRESA DE ATLETISMO DA FGA, celebrarase o día 3 de setembro de 2011, a **II MEDIA MARATÓN VILA DE PETIN e CPTO GALEGO VETERANOS DE MEDIO MARATÓN** nun circuíto interurbano polos concellos de Petín, A Rúa de Valdeorras e Villamartín de Valdeorras.

Simultaneamente e sen carácter competitivo celebrarse a **I ANDAINA POPULAR DE PETIN**.

#### **2) HORARIO.**

A proba terá como hora de saída as 18:30 da tarde. O control de chegada pecharase ás 21 horas aproximadamente.

A Saída dos andarines realizarase ás 18:00. O control de chegada pecharase ás 21 horas aproximadamente.

#### **3) CIRCUITO E AVITUALLAMIENTO.**

A competición desenvolverase sobre un circuíto interurbano de 21.097 metros homologado pola F.G.A. A saída e a chegada estarán situadas na praza de Petín.

Habilitaranse postos de avituallamiento líquido cada 5km (5, 10, 15 e 20 quilómetros). Ademais establecerase un control de rexistro de tempos no punto quilométrico 10.

O circuíto da andaina popular compartirá 14 kms aproximadamente do circuíto da media maratón.

#### **4) PARTICIPACIÓN.**

Poderán participar todos aqueles atletas que o desexen nados no ano 1993 ou anteriores, e que non se atopen sancionados federativamente na data da Competición. No caso dos ATLETAS ESTRANXEIROS, a súa participación axustarase ao reflectido na normativa da R.F.E.A.

#### **5) INSCRICIÓNS:**

- **OS ATLETAS QUE DESEXEN INSCRIBIRSE NO II MEDIO MARATÓN PETÍN E ANDAINA POPULAR DEBERÁN SEGUIR ESTE PASO DE INSCRICIÓN:**

1º.- Inscripción online a través da PÁXINA WEB: [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com) (enchendo o formulario de inscrición de xeito individual cos datos persoais).

O periodo de inscrición será desde mediados de xullo ata o mércores 31 de agosto.

Non serán válidas as inscricións dos atletas que non figuren nas listaxes de [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com).

**PATROCINADOR  
OFICIAL**



**PROVEEDOR**





## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:  
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net).  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA  
DE GALICIA

A cota de inscrición é de 10,00 euros para os atletas populares e andarines e da dereito a percibir a bolsa do corredor e o vale para a cena popular.

- **OS ATLETAS QUE DESEXEN INSCRIBIRSE NO CAMPIONATO GALEGO DE VETERANOS DE MEDIO MARATÓN DEBERÁN SEGUIR ESTES PASOS DE INSCRIPCIÓN:**

1º.- Inscrición online a través da PÁXINA Web da FGA [www.fgatletismo.es](http://www.fgatletismo.es) (enchendo o formulario de inscrición de xeito individual cos datos persoais)

O periodo de inscrición será desde mediados de xullo ata o mércores 31 de agosto

2º.- Os atletas federados que participen no Campionato Galego (inscrición pola Web da FGA [www.fgatletismo.es](http://www.fgatletismo.es)) e desexen recibir a bolsa do corredor e participar na cena popular deberán inscribirse tamén a través da PÁXINA WEB: [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com), indicando que participan no campionato galego de media maratón e abonar a cota de inscrición de 10,00 euros.

**NOTA:** Os dorsais dos participantes inscritos estarán personalizados pero soamente para aqueles inscritos ata o 29 de agosto de 2011. Personalizarase co nome ou Nick se non se indica o contrario.

### 6) RETIRADA DE DORSAIS E CHIPS.

Os dorsais e chips poderanse recoller nos locais do Concello de Petín o día da proba desde as 16:00 ata 30 minutos antes de dar inicio á carreira.

No momento da retirada do dorsal a organización poderá pedir a presentación do resguardo de inscrición, licenza federativa e o D.N.I. do participante.

O chip deberá levar atado ao cordón da zapatilla ou cunha cinta á altura do nocello e será obrigatoria a súa devolución ao finalizar a proba.

### 7) BOLSA DO CORREDOR

No momento da retirada do dorsal farase entrega da BOLSA DE CORREDOR e dos VALES PARA A CENA POPULAR a todos os participantes inscritos no II Medio Maratón Popular de Petín e na I Andaina Popular de Petín que fixeron a inscrición a través da PÁXINA WEB: [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com) e abonaron a cota de 10,00 euros.

NOTA: por razóns loxísticas deberase confirmar a asistencia á CENA POPULAR no momento de formalizar a inscrición (cubriendo a opción na plataforma de inscrición).

**Poderase adquirir para os acompañantes vales para a CENA POPULAR no momento de formalizar a inscrición (cubriendo a opción na plataforma de inscrición) ó precio de 10,00 euros.**

### 8) CATEGORÍAS E PREMIOS:

- **II MEDIO MARATON PETÍN**

Outorgaranse por clasificación en orde de chegada a meta separando os homes das mulleres. Habrá Trofeos aos 3 primeiros clasificados populares absolutos e das seguintes tres categorías Junior-Promesa (nados dende 1993 ata 1989), de 35 a 49 anos e de 50 anos ou máis.

**PATROCINADOR  
OFICIAL**



**PROVEEDOR**





## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:  
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net).  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA  
DE GALICIA

- **CPTO GALEGO VETERANOS DE MEDIO MARATÓN**

Ademais

Categoría	Homes	Categoría	Mulleres
<b>M35</b>	De 35 a 39 anos	<b>F35</b>	De 35 a 39 anos
<b>M40</b>	De 40 a 44 anos	<b>F40</b>	De 40 a 44 anos
<b>M45</b>	de 45 a 49 anos	<b>F45</b>	de 45 a 49 anos
<b>M50</b>	De 50 a 54 anos	<b>F50</b>	De 50 a 54 anos
<b>M55</b>	De 55 a 59 anos	<b>F55</b>	De 55 a 59 anos
<b>M60</b>	De 60 a 64 anos	<b>F60</b>	De 60 a 64 anos
<b>M65</b>	De 65 a 69 anos	<b>F65</b>	De 65 a 69 anos
<b>M70</b>	De 70 a 74 anos	<b>F70</b>	De 70 a 74 anos
<b>M75</b>	De 75 a 79 anos	<b>F75</b>	De 75 a 79 anos
<b>M80</b>	De 80 a 84 anos	<b>F80</b>	De 80 a 84 anos

establécese unha clasificación do Campionato Galego de Veteranos de Medio Maratón, con entrega de medallas do Campionato, segundo as normas e categorías oficiais da FGA:

E máis anos contabilizando de 5 en 5.

A cerimonia de ENTREGA DE PREMIOS realizarase na zona de meta a partir das 21:00 horas e será condición indispensable a asistencia ao acto de todos aqueles premiados, debendo ademais de estar en condicións de acreditar a súa identidade a través do D.N.I., pasaporte ou licenza federativa (con foto).

### 9) CLASIFICACIÓNS.

As clasificacións oficiais son competencia do xurado da proba. A carreira estará controlada polo Comité de Xuíces da FGA.

Será DESCUALIFICADO todo corredor que non complete o percorrido, circule por un lugar non dirixido para iso, non cumpra coas indicacións dos xuíces ou controladores, non porte o dorsal da proba no peito e o transpondedor (chip) correspondente, ou manifeste unha conduta inapropiada, así como quen falsee datos identificativos.

Para o non recollido neste regulamento seguiranse as normas da da I.A.A.F., R.F.E.A. e FGA para as competicións de Probas en Ruta.

### 10) SERVICIOS MÉDICOS e AMBULANCIA.

A organización disporá de SERVICIOS MÉDICOS e AMBULANCIA (en Zona de Meta ) desde unha hora antes do comezo da proba e ata media hora logo de pecharse o control de carreira. Os Servizos médicos de competición e o xuíz árbitro, están facultados para facer retirarse da carreira a calquera participante que manifestase un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

**PATROCINADOR  
OFICIAL**



**PROVEEDOR**





## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:  
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net).  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA  
DE GALICIA

Así mesmo, recoméndase a todos os inscritos no Medio Maratón, leven a cabo antes de tomar parte na carreira un recoñecemento de aptitude médico deportivo que descarte calquera patoloxía que impida a súa participación.

### 11) SEGURO.

Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, excluídos os casos derivados dun padecimento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento; ao lugar da competición ou desde o mesmo.

Non se permitirá a existencia no percorrido de ningunha persoa e ningún vehículo alleo á organización, estando estes últimos debidamente identificados.

### 12) SERVIZO DE GARDARROUPA E SERVIZO DE DUCHA E ASEO PERSOAL.

A organización facilitará un SERVIZO DE GARDARROUPA na zona de meta. Así mesmo, existirá a disposición dos participantes un SERVIZO DE DUCHA E ASEO PERSOAL situado nas cercanías da Zona de Meta .

### 13) PERCORRIDO.

Ver Anexo. Circuíto

Homologado pola RFEA.

Máis información a través da páxina web [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com)

Victor Arufe Giraldez  
Secretario Xeral da FGA  
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 1 de xullo de 2011

PATROCINADOR  
OFICIAL



PROVEEDOR

